

Enquisa de condicións de vida das familias. Novas tecnoloxías. Ano 2008

NOTA DE PRENSA

En 2008, o 33% dos fogares galegos contan con conexión a Internet

O 40,6% da poboación galega de 5 ou máis anos conectouse a Internet nos tres últimos meses


O 6,4% dos galegos de 16 ou máis anos realizou algunha compra por Internet nos tres últimos meses

Telefonía móbil

Segundo o módulo específico de novas tecnoloxías da "Enquisa de condicións de vida das familias" elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2008 sete de cada dez galegos de 5 ou máis anos utilizou o teléfono móbil, cifra moi superior á rexistrada no ano 2002, que se situou no 42,5%.

Persoas que usan o teléfono móbil. Galicia

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

Por grupos de idade, o 28,5% dos rapaces galegos de entre 5 e 14 anos utilizan o teléfono móbil. Na franxa de idade comprendida entre os 15 e os 39 anos, a porcentaxe de persoas que o utilizan supera o 90%, mentres que no grupo de idade de 65 ou máis anos esta porcentaxe non chega ao 30%.

**Persoas que usan o teléfono móbil segundo o sexo e a idade.
Galicia. Ano 2008**

Porcentaxes

	Homes	Mulleres	Total
De 5 a 14 anos	24,9	32,3	28,5
De 15 a 19 anos	91,8	92,7	92,3
De 20 a 29 anos	97,0	98,4	97,7
De 30 a 39 anos	95,6	96,3	96,0
De 40 a 54 anos	90,8	86,0	88,4
De 55 a 64 anos	74,2	61,8	67,8
De 65 ou máis anos	35,0	23,8	28,5
Total	73,9	66,8	70,2


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

Ordenador

Persoas que utilizaron o ordenador no último mes. Galicia

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

En 2008, o 52,3% dos galegos de 5 ou máis anos manifestou utilizar o ordenador algunha vez: o 44,9% fíxoo no último mes, o 4,1% fai máis dun mes pero menos dun ano e o 3,4% restante, fai máis dun ano. A porcentaxe de persoas que utilizaron o ordenador no último mes aumentou 4 puntos porcentuais con respecto ao ano 2007 e 16 con respecto a 2002.

As maiores porcentaxes de uso do ordenador danse nos grupos de idade de 5 a 19 anos e de 20 a 29 anos, onde preto de 8 de cada dez rapaces e mozos galegos comprendidos nestas idades utilizaron o ordenador no último mes.

Persoas que utilizaron o ordenador. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	No último mes	Usan ordenador
Total	44,9	52,3
Homes	47,8	55,5
Mulleres	42,1	49,3
De 5 a 19 anos	78,2	84,6
De 20 a 29 anos	77,7	89,8
De 30 a 54 anos	55,3	65,2
De 55 ou máis anos	9,2	12,6

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

Os usuarios frecuentes, é dicir, os que empregan o ordenador diariamente, polo menos 5 días á semana, supoñen o 56,6%. Estes usuarios son aproximadamente 695 mil persoas.

Frecuencia de uso do ordenador nos últimos tres meses. Galicia e provincias. Ano 2008

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Diariamente, polo menos 5 días á semana	56,6	57,6	56,8	57,1	55,0
Todas as semanas, pero non diariamente	31,9	30,9	31,4	32,4	33,2
Polo menos unha vez ao mes, pero non todas as semanas	8,8	8,7	9,5	8,5	8,9
Menos dunha vez ao mes	2,7	2,7	2,3	2,0	2,9
Total	100	100	100	100	100


Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia ás persoas de 5 ou máis anos que usaron o ordenador nos últimos tres meses.

Internet

En 2008, o 33% dos fogares galegos contaba con conexión a Internet (332.378 fogares) . Esta porcentaxe varía en función da área xeográfica. Así, na área da Coruña, que comprende as comarcas da Coruña e Betanzos, a porcentaxe é do 45,9%, mentres que na área "Ourense sur" esta porcentaxe sitúase no 14,1%.

Porcentaxe de fogares con conexión a Internet. Ano 2008



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos

Os motivos polos que os fogares galegos non teñen conexión a internet son fundamentalmente que “Non queren porque non lles parece interesante ou útil”, nun 40,7% dos fogares, os “custos altos”, nun 27% dos casos, e a “falta de coñecementos”, nun 20,1% dos fogares.

O uso de internet está máis estendido entre os mozos de 15 a 19 anos, xa que a utilizan o 89,9%; o 83,6% fíxoo nos últimos tres meses. Cabe salientar, tamén, que o uso da rede polos nenos de 5 a 14 anos supera o 50%. O uso de internet vai diminuindo segundo aumenta a idade da poboación. Deste xeito, a porcentaxe de poboación de 30 a 39 anos que utiliza Internet baixa ata o 69,7% e para a franxa de idade comprendida entre os 40 e os 54 anos non chega ao 50%.

Persoas que se conectaron a Internet. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	Nos últimos tres meses	Usaron Internet
Total	40,6	45,7
Homes	43,3	48,5
Mulleres	38,1	43,1
De 5 a 14 anos	50,5	53,3
De 15 a 19 anos	83,6	89,9
De 20 a 29 anos	75,7	85,5
De 30 a 39 anos	60,9	69,7
De 40 a 54 anos	43,9	49,4
De 55 ou máis anos	8,0	9,7

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

En canto aos lugares de conexión a internet destaca o fogar no 68,8% das persoas que se conectaron a internet nos últimos tres meses, e o centro de traballo, cunha porcentaxe do 33,4%.

Lugares de conexión a internet nos últimos tres meses. Galicia e provincias. Ano 2008

Porcentaxes

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
No meu fogar	68,8	69,8	68,8	63,7	69,0
No meu traballo	33,4	34,1	35,2	34,3	31,6
No meu centro de estudos	12,0	12,5	11,8	11,7	11,4
Noutro domicilio particular	11,6	13,8	10,6	8,1	10,1
Nun ciber, ciber-café	10,8	11,1	9,3	10,6	10,9
Nun centro público (concello, biblioteca pública ou outros centros oficiais)	7,2	7,9	9,0	6,5	5,8
Noutro lugar	0,9	1,0	*	*	0,8


I GE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia ás persoas de 5 ou máis anos que se conectaron a internet nos últimos tres meses.

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe

Os usuarios que se conectaron a internet máis de 5 horas na última semana, supoñen o 31% do total de internautas do último mes. Estes usuarios son aproximadamente 307,7 mil persoas

Frecuencia de uso de internet na última semana. Galicia. Ano 2008



IGE. Enquisa de condicións de vida das familias


Nota: os datos fan referencia ás persoas de 5 ou máis anos que se conectaron a internet no último mes

Compras por internet

No ano 2008, o 40,6% dos galegos de 5 ou máis anos manifestou terse conectado á Internet nos tres últimos meses. Entre a poboación de 16 ou máis anos que se conectou a Internet nos tres últimos meses, o 16,3% realizou algunha compra por este medio. Sobre o total da poboación de 16 ou máis anos, a porcentaxe dos que realizaron algunha compra a través da rede baixa ata o 6,4%.

Persoas que se conectaron a Internet e que realizaron algunha compra por Internet nos últimos tres meses. Galicia

Porcentaxes



Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: Os datos das persoas que se conectaron a Internet fan referencia á poboación de 5 ou máis anos. Os datos das persoas que realizaron algunha compra por Internet fan referencia á poboación de 16 ou máis anos.

As maiores porcentaxes, no tocante ás compras realizadas por Internet, rexístranse entre a poboación de 20 a 29 anos e a de 30 a 39 anos, nos que a porcentaxe que nos tres últimos meses realizou algunha compra por este medio foi do 11,9% e do 12,1%, respectivamente.

Persoas que realizaron algunha compra por Internet segundo a idade e o sexo. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	Dentro dos últimos tres meses	Fan compras por Internet
Total	6,4	12,9
Homes	7,7	15,6
Mulleres	5,2	10,5
De 16 a 19 anos	5,7	9,7
De 20 a 29 anos	11,9	25,8
De 30 a 39 anos	12,1	24,5
De 40 a 54 anos	7,6	14,7
De 55 ou máis anos	1,0	2,0

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos.

Entre os bens e servizos mercados máis habitualmente a través de Internet figuran os viaxes ou billetes para medios de transporte; o 66,5% das persoas de 16 ou máis anos que realizaron compras por internet mercaron este produto. A continuación atópanse as entradas para espectáculos (22,5%), o equipamento electrónico (17,1%), os libros, revistas periódicos e material educativo (14%) e a roupa e complementos (12,7%).

Tipoloxía das compras efectuadas por Internet no último ano. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	Porcentaxe
Viaxes ou billetes para medios de transporte	66,5
Entradas para espectáculos	22,5
Equipamento electrónico (cámaras dixitais, reprodutores de dvd, mp3...)	17,1
Libros, revistas, periódicos, material educativo...	14,0
Roupa e complementos	12,7
Roupa de deporte e material deportivo	8,9
Software informático (non inclúe xogos de ordenador)	7,9
Equipamento para o fogar (mobles, menaxe..)	7,8
Música, cds	7,2
Hardware	6,5
Películas / vídeos ou dvds	5,8
Comida e produtos alimenticios	4,9
Compra de accións e servizos financeiros	4,3
Compra de lotería	3,5
Xogos de ordenador	2,4
Participación en apostas e xogos de azar	1,5
Outros tipos de compras	6,2

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia ás persoas de 16 ou máis anos que compraron por Internet no último ano.

Administración electrónica

En 2008 un total de 267.405 persoas de 16 ou máis anos relacionáronse coas administracións públicas a través de internet. Isto supón que o 16,5% do total da poboación que realizou xestións coas administracións públicas o fixo a través da rede.

Os principais servizos polos que interactuaron coas administracións públicas a través da rede foron: facer a declaración da renda e xestións sanitarias (pedir citas, solicitar tarxeta, cambios de médico...).

Servizos e actividades utilizados nas relacións por internet coas administracións públicas durante os últimos doce meses. Galicia. Ano 2008

Porcentaxes

	Porcentaxe
Declaración da renda	61,1
Xestións sanitarias (pedir citas, solicitar tarxeta, cambios de médico...)	55,5
Xestións universitarias (matricularse, consultar notas, calendario de exames...)	18,8
Petición e entrega de certificados (incluído Rexistro Civil)	16,0
Acceso a bibliotecas públicas (consulta de fondos...)	11,5
Tramitación de beneficios sociais (axudas por fillos, bolsas, prestación de desemprego...)	11,2
Tramitación de documentos persoais (carnet de conducir, pasaporte...)	10,2
Tramitación ante oficinas de emprego (enviar curriculum, responder ofertas...)	8,6

IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: os datos fan referencia ás persoas de 16 ou máis anos que usaron internet nas súas relacións coas administracións públicas nos últimos doce meses.

Grandes concellos

Entre os sete grandes concellos de Galicia, o da Coruña é, xunto con Lugo, o concello cunha maior porcentaxe de persoas que usan o teléfono móbil (77,8%).

Estes dous concellos son ademais os que contan cunha maior porcentaxe de persoas de 5 ou máis anos que usaron o ordenador no último mes (un 58,6% e un 57,2%, respectivamente). No outro extremo atópase o concello de Ourense cun 50,5%. Estes valores son maiores que os do conxunto de Galicia, onde a porcentaxe de persoas que usaron o ordenador no último mes acada o 44,9%.

En 2008, a metade dos fogares do concello da Coruña (50,4%) conta con conexión a Internet. Ségueno os concellos de Pontevedra e de Santiago de Compostela cun 45,1% .

No Concello da Coruña o 56,2% da poboación maior de 5 anos conectouse a Internet nos tres últimos meses, 15,6 puntos máis que no conxunto de Galicia. No tocante ás compras por Internet, o 11,9% dos cidadáns coruñeses maiores de 16 anos realizaron algunha compra por este medio nos tres últimos meses. En Ourense esta porcentaxe acada o 6,5%, valor moi similar ao do conxunto da comunidade autónoma (6,4%).



Novas tecnoloxías. Grandes concellos. Ano 2008

Porcentaxes

	Concellos						
	A Coruña	Santiago de Compostela	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Persoas que usan móbil (1)	77,8	75,0	77,2	77,8	75,5	73,5	74,0
Persoas que usaron o ordenador no último mes (1)	58,6	56,6	54,4	57,2	50,5	53,6	55,1
Persoas que se conectaron a Internet nos últimos 3 meses (1)	56,2	53,8	51,0	53,7	47,0	51,0	49,1
Persoas que realizaron algunha compra pola Internet nos últimos 3 meses (2)	11,9	10,0	8,0	9,1	6,5	7,8	8,1
Fogares con conexión a Internet	50,4	45,1	41,5	41,3	36,5	45,1	43,7

Fonte: IGE. Enquisa de condicións de vida das familias

Nota: (1) os datos fan referencia á poboación de 5 ou máis anos.

(2) os datos fan referencia á poboación de 16 ou máis anos.

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

<http://www.ige.eu/web/Controlador?operacion=mostrarmetodologias&idioma=gl&tema=1030&paxina=003002003>

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>